


# Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



## *Gonyza bonaeriensis* (L.) Cronq.

Planta composta procedente de América do Sur (citada en Galicia dende 1852) que foi introducida en Europa de xeito accidental, probablemente asociada ao comercio da lã. Á súa altura máxima de 60 cm, a abundosa pelosidade que lle da un aspecto griseiro, a ramificación preto da base, os papos de 4-5 mm e os flósculos de ata 4,2 mm nos que sobresaen os estilos das flores tubulares, son características propias que a diferencian de *G. canadensis*, que ten unha altura máxima de 1,50m, menor pelosidade, a ramificación máis alonxada da base, os papos de ata 2,8 mm e flósculos de ata 3mm nos que non sobresaen con tanta claridade os estilos das flores liguladas.

É problemática para os cultivos por dificultar as labores agrícolas, atopándose tamén presente en beirarúas, cunetas, zonas urbanas, solares etc. Abundosa nos terreos removidos e alterados das zonas costeiras, menos frecuente nas dunas, areas ou humedais onde compite coa vexetación autóctona.



Colabora no Atlas  
escribindo a  
[botanica@sghn.org](mailto:botanica@sghn.org)